

M U N T A D A S

VERBAS: A SALA DE PRENSA

XUNTA DE GALICIA

Víctor M. Vázquez Portomeñe
Conselleiro de Cultura

Antón Pulido Nóvoa
Director Xeral do CGAC

EXPOSICIÓN

Comisario
X. Antón Castro

Coordinador
Juan Manuel Carrasco

Colaboradores
Fac. de Ciencias da Información
U. Santiago de Compostela:
Margarita Ledo Andión
Marcelo Martínez
Xavier Vaz

Facult. de BB.AA. de Pontevedra:
Gemma Aguilar
Sol Alonso
Lola Dopico
Silvia García González
Cecilia Labella Lozano
Jesús Paniagua

Javier Moure
Fernando Taboada

Agradecementos
Facult. de CC. II. de Santiago de Compostela
Facult. de Belas Artes de Pontevedra
I.G.A.E.M.
Televisión de Galicia

Gonzalo Cortizo

CATÁLOGO

Concepción
Muntadas

Coordinación
Juan Manuel Carrasco

Textos
X. Antón Castro
Margarita Ledo Andión

Fotografía
Tiffany Bauer
Frederic Delpech
Denis Farley
Silvia García González
Jesus Paniagua Mateos
Silvia García González
Dirk Loech
Charles Meyer
Muntadas
Juan Rodríguez

Deseño Gráfico
Signum/Deseño

Traduccións
Anosar

Impresión
Alva Gráfica

Dep. Legal: C-1888-1995
ISBN: 84-453-1543-9

Astuta serpente antiga
Ap. XII, 9; XX, 2


Así, deste xeito fai uso das Escrituras don Vicente Risco para Satanás. Así, deste xeito o etnógrafo/espiritualista vén alertarnos a propósito de quen se esforza por tirar a forza da súa febleza orixinal e procura dominar o mundo pola negación. O Mal, iso nin se discute, é o lugar das contradiccións.

O Mal, a non-figura, prende nos teus medos e remata por te subsumir no ceremonial que de escravo do diabo faite pasar a ser servo de Deus: a confesión.

Variábel nas súas formas, dende a exteriorización azarosa fronte do Santo Tribunal da Inquisición ou ás fórmulas de grupo en Exercicios Espirituais, o segredo de confesión foi un avanzo singular como o foron as arquitecturas para facer cribel o segredo, traducidas nun espacio quase íntimo, que garante a anonimia e no que actúas como suxeito colectivo (a relixión) aínda que ao seu traveso recuperes o teu dereito como persoa individual.

Así, deste xeito o confesionario exhíbese como lugar de Mediación da túa relación distante e atávica con Deus e só comparabel, no Sistema dos Media, á Televisión.

De antigo as doas dos valores incorporados pasan por entre os teus dedos mentres repetes ideas seriadas –brancas *adversus* negras– nas que, sen que teñan nin por qué reparar, se conforma a cultura cotián. Un modelo de sucedo, invisíbel porque te identificas con el, que prolonga a súa influencia noutros arredamentos, por exemplo entre corpo e razón, é dicer, cabeza e corazón coma constructor do paradigma da Ilustración.



Gravado. Confesión; *Cérémonies et Coutumes Religieuses de tous les Peuples du Monde*, de Bernard Picart.

Doas, valores incorporados que se trasfiguran segundo tempo e modo e segundo as relacións entre o Coñecemento, o Desexo e mais o Poder. Porque cando dicemos "a culpa de todo téna a televisión" estamos a outorgarlle á cámara, simplesmentes, o lugar de Deus.

Calquera Sá de prensa aseméllase da túa de xantar por ser ambas un espacio-engranaxe onde se desenvolve un fragmento da trama de facticidade que fai que o que recebemos como evento á hora do almorzo poida, sen esforzo, pasar. Acó, en Indianápolis, en Lisboa, en Montreal, en Sidney. Porque a Sá de prensa e a túa de xantar forman parte dun xénero que fai que sexan verdade certos materiais con referente real e cos que se constrúen as relacións sociais de comunicación. O persoeiro-actor, tan da casa ou en camiño de se facer co territorio familiar, que chama a nosa atención, atención que redobra ao impostar a súa voz e que fai por fixar nas novas do xornal, é xa unha convención.

Mais o traballo de Muntadas, a partires de tantas convencións, ¿é convencional? Non o é –eís a paradoxa– como tampouco o é a Casa da Parra ou o entorno da Casa da Parra, a Quintana de Mortos e a de Vivos, unha praza perfecta nas súas regras, que convoca algunha das constantes da Compostela urbán, versátil no seu programa, nos seus usos, astuta como serpente antiga, onde apenas se fai notar a Catedral nesta súa faciana do Santiago camiñante que, pola contra, proclámase como emblema da vila nas torres barrocas do Obradoiro a controlar vieiros de inúmeras invasións imaxinarias.

Nin son eu, agora nun meu papel de receptora-tipo, quen de segui-lo paso ás convencións e, pola contra, engado variantes ideolóxicas e tamén culturais á maré de descodificación –de consumo, en fin, de percepción– en que me sitúa Sá de Prensa, variantes que entran no sistema de signos que o artista me trae para a man e do que teño, tirando as forzas da miña febleza, que termar.


Porque a experiencia da Sá de prensa non acontece na Sá do xantar senón no común, nun ámeto institucional, re-pensado para esta súa función de casa de acollida dos sucesos artísticos, alentará a liberdade para a interpretación –ou se non ¿para que veño aquí?– mentres devala un dobro percurso cara o exterior, cara a praza da Quintana que comeza a chocar na súa forma, nos seus materiais, na súa armonía co diáfano caos e mal gosto do espacio interior.

Agora un obreiro pasa/ cun espello enriba da súa cabeza./
Il non sabe que vai levando/ o ceo e unhas nubes brancas.
Luis Pimentel. *Maná da miña rúa*


O visíbel e mais o intelixíbel na obra de Muntadas, as pezas que identificamos por convivio, por intrahistoria –o confesionario– porque nos amosan mecanismos conductistas; a profundización nos contrarios que usa como estructura do edificio e que adoitan enumerarse en pares como Privado/Público, Subxectividade/Obxectividade, Emisión/Recepción, Comunicación/Manipulación... por traer á tona algúns dos dominantes en *Verbas...*, sitúan ao artista dende o albor da




Confesionario, Catedral de Santiago




Confesionario de MGR Lienard,
Obispo de Lille por Croix Mairie




Confesionario, Igrexa Saint-Léon, París
E. Brunet, arquitecto



Confesionario, Catedral de Santiago



Confesionario, Igrexa de Arco.
Carballiño, Ourense



Confesionario Igrexa de Longoseiros.
Carballiño, Ourense

corrente conceptual, na espiral dun modelo, o do Movemento Moderno –imos, outravolta a facer corresponder as cousas co nome das cousas– que fixo soerguer, por evolución ou por negación, todas as vangardas e todas as manifestacións en que se unen nel actitude e oposición, se trasversaliza Arte e Cultura cotián, traballo de criación e de execución e, tamén, expectativas "con respecto a fins" (Habermas) nunha das súas acepcións máis divulgadas, iso de Arte con función social. Función social que como elemento das estratexias de significación implicará a composición, o estilo, as tecnoloxías nos modos de xeración, nos soportes e na difusión.

A escolla da técnica da montaxe, o diálogo imperativo entre materiais, as suas tecnoloxías, sen filtraxe, os golpes hipernormativos activo/pasivo, a ironía e tamén o azar fan que a proposta da Casa da Parra, ese sobexo de fragmentos –coma a realidade da Quintana– sexa unha posibilidade para a idea mimada por Tapio Varis de desenvolver, poetas e artistas, o paradigma que lle pode dar senso ao novo mundo multi-cultural.

Aquela, a ironía, permete localiar/expresar fendas nos discursos estandar; esta, o azar, permete relacións a priori non modelizabeis para unha presada de miróns, coma nós, para quen o abraio non devén dunha aparellaxe espectacular se non de tocar, coller, artellar, dicer: ei, ti, ¿que é para ti?.

Mentres, ficas no meio e meio da praza. Entre a instalación Verbas... e o Convento de clausura das freiras que se ocupan dos cánticos en honra de Paio, o neno-martir de Tui, e do comercio de doces no torno da porta que segue á da Borriquita de Belén; a Cruz dos Farrapos onde o viaxeiro abandoa a súa roupa vella para se adentrar pola Porta Santa, e no terceiro chanzo, por fronte o Café dos Literarios, a *troupe* estábel de persoas á marxe das unhas e dos outros, cos seus botes, a súa mercadoría semi-clandestina, a frase feita. O turista, estantío, rexistra balaustradas. Ao fundo, tapando a Casa da Coenga encarámanse os focos potentísimos dun stage que Mano Negra o 25 de Xullo non puido usar. Enviáronos para un estadio pecho e baixo control.

Se algo sobrancea no qué facer do século vinte (mesmo na

Literatura, na Teoría, o Telos ou a Arte, ese contenedor amplo de diversos) e a importancia da nosa experiencia a partires de cousas que non teñen de seu, por convención, valor. Se non é por un certo tipo de presencia. Neste caso do artista, do receptor, do contexto e esa operación ao axexo marcada pola metáfora, que nos leva a recodificar as mediacións. Como agora, na cidade do díxome-díxome, onde a trioxía Xunta/Arcebispo/Rector son o noso particular e recurrente intercut que fai que continuemos coa frase nos beizos: A última, ti. Just the one, guy.

Margarita Ledo Andión
Compostela, setembro 1995

Referencias:

- Callinicos, Alex.- "Contra o Post-modernismo", *Laiovento*, Santiago de Compostela, 95
- Druckrey, Timothy.- Introducción a *Culture on the brink* (Bender/Druckrey ed.), Bay Press, Seattle,94
- Kelly, Kevin.- "Eno, Gossip is Philosophy" in *Wired*, maio 95, San Francisco
- Quéau, Philippe.- *Le Virtuel vertus et vertiges,* INA, Paris 93
- Risco, Vicente.- *Satanás, História do Diabo,* Porto editora, s/d, Porto
- Pimentel, Luis.- *Sombra do aire na herba,* Galaxia, Vigo, 59
- Varis, Tapio.- *Tiedon ajan Media The Media of the Knowledge Age,* Helsinki, 95